

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 21/08/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.3. Solicitud de subvención da Escudería Ourense para o Rallie de Ourense 2020 (Exp. 265/2020)

Dáse conta da instancia presentada por Julio Constantino Bouzo Couceiro, en nome e representación da Escudería Ourense, con CIF G32027344, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a organización do 53 rallie de Ourense, que tivo lugar os días 24 e 25 de xullo deste ano.

Por acordo do Pleno corporativo de data 20/06/2020 aprobouse un Convenio de colaboración entre o Concello de Toén e a Escudería Ourense para o financiamento dos gastos de organización e realización do Rallie de Ourense durante os anos 2020, 2021 e 2022, en virtude do cal o Concello de Toén comprometeuse a consignar nos orzamentos municipais dos exercicios 2020, 2021 e 2021 a contía, respectivamente, de 4.000 €, 4.500 € e 4.500 €, en concepto de subvención á Escudería Ourense, con CIF G32027344.

Logo de ver que na aplicación correspondente do vixente orzamento municipal do exercicio 2020 consignouse a contía de 4.000 € ao efecto.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle a Escudería Ourense, con CIF G32027344, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 4.000,00 €, conforme ao previsto no Convenio de colaboración asinado con data 03/07/2020, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos de organización e realización do 53 Rallie de Ourense no ano 2020. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se



aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa que conterà a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)



Cod. Validación: 45RRE446TJLKR35WAEFG9D5G | Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2